



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2023/E001/000009  
2024/G003/000700

## **DECRETO DO CONCELLEIRO- DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA, PLANIFICACIÓN URBANA, SERVIZOS Á VECIÑANZA E RECURSOS HUMANOS**

### ANTECEDENTES DE FEITO

1. Mediante o Decreto núm. 240/2024, do 5 de febreiro (expediente 2024/G003/000262 desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a selección, coa condición de persoal funcionario interino, dun/ha coordinador/a do *Programa Integrado de Emprego de As Pontes, A Capela e As Somozas 2023/24*.

2. A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 30 , do 09/02/2024.

3. O prazo de presentación de solicitudes para concorrer ao proceso selectivo concluíu o 26/02/2024.

4. En data 23/02/2024 tivo entrada no Rexistro Municipal un escrito do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia no que interpón recurso de reposición fronte ás bases reguladoras do proceso selectivo.

5. Mediante o Decreto 439/2024, do 28 de febreiro (expediente 2024/G003/000468) foi estimado o recurso de reposición interposto e, en consecuencia, modificouse a base Segunda das reitoras da convocatoria no particular extremo relativo ás titulacións esixidas, incluíndo expresamente entre as titulacións de acceso ao proceso selectivo os seguintes títulos: Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social.

Na indicada resolución edilicia acordouse conceder un novo prazo de presentación de solicitudes, pero limitado exclusivamente aos e ás profesionais do Traballo Social.

6. O anuncio de apertura do novo prazo a que se refire o precedente apartado foi publicado no BOP núm. 46, do 05/03/2024. Este novo prazo concluíu o 19/03/2024.

7. A lista provisional de persoas aspirantes admitidas e das excluídas foi aprobada a través do Decreto núm. 592/2024, do 20 de marzo (expediente 2024/G003/000613).

O prazo de reclamacións contra a lista provisional rematou o o 27/03/2024. Durante o mesmo non se presentou ningunha reclamación.

8. A través do Decreto núm. 621/2024, do 1 de abril (expediente 20247G003/000650), aprobouse a



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e das excluídas, designáronse as persoas integrantes do órgano de selección, fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal e convocouse ao persoal aspirante á celebración do exercicio da fase de oposición, consonte o disposto nas bases.

9. O tribunal efectuou a totalidade do proceso selectivo o 09704/2024 e como resultado do mesmo propuxo o nomeamento da única aspirante presentada, que resultou aprobada. Pola contra, non formulou proposta de lista de espera, pola inexistencia de máis candidatos/as.

## FUNDAMENTOS LEGAIS

As bases núm. 10, 11 (no que aquí interesa) e 12 das reitoras da convocatoria, sinalan:

### **“10. Puntuación final e publicación de resultados**

A puntuación final virá determinada pola suma da fase oposición e máis a de concurso, entre os/as aspirantes que teñan superado a fase de oposición, así como a proba de coñecemento do galego ou a acreditación a través do Celga 4 ou equivalente. En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como referencia primeiramente a maior puntuación na fase de oposición e de persistir, a maior puntuación nos apartados 1, 2 e 3, da fase de concurso, por esta orde. De proseguir o empate, este resolverase por sorteo en acto público, en presenza da Presidencia e da Secretaría do tribunal e dunha das vogalías do órgano de selección, anunciado cun día hábil de antelación.

Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro electrónico do concello, inseríndose tamén na páxina *web* desta administración.

### **11. Proposta de nomeamento e lista de espera**

O Tribunal declarará aprobada á persoa aspirante que, logo de superar a fase de oposición, obteña a maior puntuación no proceso selectivo e fará proposta ao seu favor ao concelleiro-delegado de Área, para o seu nomeamento como funcionario/a interino/a, na praza de coordinador/a do Programa Integrado de Emprego. Co resto de persoas aspirantes que superaron a fase de oposición elaborárase unha lista de espera (...).

### **12. Tramitación do nomeamento**

Para efectuar o nomeamento da persoa inicialmente seleccionada e ademais cando o concello precise acudir á lista de espera, requirirá á persoa aspirante para que no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, contados desde o seguinte ao requirimento realizado para o efecto, presente a seguinte documentación acreditativa de que cumpre os requisitos esixidos na base 3:

- 1º) Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- 2º) Tarxeta da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).
- 3º) Declaración xurada ou responsable de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 4º) Declaración xurada ou responsable de non incorrer en causas de incapacidade nin incompatibilidade que impidan o exercicio da función pública.
- 5º) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria que designe para a percepción das retribucións.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, polo concelleiro-delegado de Área), a persoa aspirante seleccionada non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada como persoal funcionario interino, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incurrir por falsidade; debendo propoñerse, por parte do concelleiro-delegado de Área, o nomeamento da persoa aspirante que ocupe o primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo e non foran inicialmente seleccionados para a cobertura da vacante convocada (lista de espera).

Cumpridos os anteriores requisitos, a Concellaría Delegada procederá ao nomeamento e posterior toma de posesión como funcionario/a interino/a.

De se tratar do primeiro nomeamento na especialidade, establecerase un período de proba de tres meses, tal e como prescribe o artigo 24.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

O cesamento do persoal funcionario nomeado producirase cando concorran algunha das causas a que se refire o artigo 24.3 da LEPG.”

Á aspirante aprobada e proposta correspóndelle ser nomeada funcionaria interina.

Non procede establecer o período de prórroga ao non tratarse do primeiro nomeamento.

A interesada achegou a documentación requirida nas base núm. 12, antes transcrita.

A atribución para ditar a presente resolución correspóndelle ao concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e recursos Humanos, en virtude do disposto no Decreto da Alcaldía núm. 1529/2023, do 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 133, do 13/07/2023)

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

- 1) Nomear como funcionaria interina por programa a **María del Pilar Bouza Naseiro**, con DNI **\*\*\*9690\*\***, como **Coordinadora do Programa Integrado de Emprego de As Pontes, A Capela e Somozas 2023/24**, con suxeición ás seguintes condicións:
  - a) A praza está encadrada na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase de prazas de cometidos especiais, grupo A, subgrupo A2, a tempo completo.
  - b) A relación funcional interina concluirá na data de remate do programa, prevista para o 12/11/2024.
  - c) A retribución é a que obra establecida no expediente.
- 2) A interesada deberá tomar posesión no prazo legalmente establecido. Con carácter previo deberá prestar acatamento á Constitución nos termos a que se refire o artigo 1º do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

funcións públicas e prestar acatamento ao Estatuto de autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, como prescribe o artigo 60.d), en relación co artigo 61, ambos os dous da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)

- 3) Unha vez producida a toma de posesión, o departamento correspondente procederá a tramitar a oportuna alta en nómina e na Seguridade Social e efectuar os demais trámites precisos.
- 4) Publicar a dita lista de reserva no taboleiro de anuncios electrónico do concello e na páxina web municipal.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román